



# **SARA**

4º Concurso Cuentos Repsol  
2º Premio en Gallego

*Autora: Patricia Ordóñez Barroa*

**Año 1991**



Ela mirou ó mar, o azul do océano pareceu meterse nos seus ollos e dáballle unha profunda cor, que reflexaba unha vida chea de recordos. Alí detívose, parouse. Non seguiu correndo. Comenzou de novo. As imaxes e os sons voltaron a súa mente. Unha bágoa percorreu a súa meixela, caendo no frío chan do faro, do vello faro.

Unha moza corría pola praia. O chegar á beira do mar, a auga salpicou os seus pés.. Os cabelos loiros estaban mollados; a humidade do inverno chegara axiña. O vento xogaba coas súas roupas. Sentiu o frío nos ósos. Achegábase un barco. Non era un barco coñecido, non dos do porto. Branco cunha liña verde da popa á proa, máis escuro ó achegarse á popa. Ela foi ata o faro a avisar ó seu pai.

Estaba sentado fronte ó lume, coa vista nas ardentes faíscas.

— Pai, ven un barco.

— ¿Un barco? ¿Cal?

— Non o sei, nunca o vira. E branco cunha liña verde.

— ¡Que estraño! Os nosos barcos nunca levan unha liña verde. Máis de tódolos xeitos, irei encender a luz do porto.

Martín tardou pouco. Presentouse ós estranxeiros e convidounos á súa casa. “Pouca xente para un barco tan grande”, pensou, “mais esta noite será fría e podo acollelos na miña casa”.

Presentounos á súa filla Lissa, Brent, o capitán,

Norman, Frederick, Alfred e Robert, os marinos.

Ela acolleunos e acomodounos. Preparou a cea e os convidados louvaron á súa fantástica comida. Mirou ó capitán. Tiña o cabelo moi, moi escuro e os ollos verdes coma nunca os vira antes. Os marinos faloron acerca da súa viaxe; do seu lugar de orixe; máis alá do que alcanzaba a vista; un lugar cálido no verán e fresco no inverno. ¡O que daría Lissa por poder fuxir deste frío e aburrido pobo, e ver outros e lonxanos lugares onde ninguén sabería que era ela nin e onde viña!. ¡Ela, que nin sendo nena coñeceu á súa nai!

Chegara a hora de ir durmir. Os convidados retiráronse ás súas habitacións.

A habitación dela estaba na parte máis alta do faro cunha fiestra sobre ó mar. Pechou a porta e comenzou a poñerse a roupa para durmir. Nese intre a fiestra abriuse cun golpe de vento. Foi rápida a pechala e algo entrou e se colocou sobre a cómoda de madeira. Era unha carta, aquela carta non viña de fóra, senón que saíra das táboas dobres que formaban a fiestra. Tiña moitos anos e non parecía que fora aberta. Lissa sentouse na cama e observouna entre as mans. Tiña unha letra rápida e difícil de entender. Estaba dirixida a unha moza chamada Marlene.

— Esta moza viviu no faro antes ca min — pensou Lissa ó tempo que se metía na cama.

Abriuna con cuidado e despegouse fácilmente. Dentro había unha folla escrita coa mesma letra que

a do sobre e cunha tinta azul que nalgunhas palabras se movera. Empezou a le-la. —A carta decía.

— Queridiña Marlene:

“Marcho. Agacha esta carta para que non a atope pai. Sinto moito todo o que aconteceu. Non sei onde vou. Buscarei un sitio onde faga calor no verán e non morras co frío no inverno. Comenzarei de novo. Sabes que non quero que chores por...”

Aquí remataba.

— Ten que haber outra carta, a continuación desta, non debeu rematala aquí.

Lissa deulle a volta ó sobre e atopou o nome da persoa que escribía: Sara. Comenzou a pensar sobre o que quería dicir todo eso. Mais nese intre Martín dixo que era hora de apaga-las luces para acendela do faro. Pensaríao mañá.

O día seguinte amanceu claro, sen nubes. Lissa lembrou o que lera a noite anterior. Ninguén lle falara da xente que vivira no faro antes que eles, nin ela preguntara. Baixou face-lo almorzo e o resto da xente non se erguera todavía. O primeiro en chegar foi Brent.

— Bos días Lissa. Inda é moi cedo.

— Non podía durmir. Xa amencera e decidín baixar —respondiu ela, ó tempo que o observaba fixamente.

— ¿A túa habitación ten unha fiestra sobre o mar no lado do faro?

— Sí, ¿cómo o sabes ti? ¿Viñeras antes?

— Alguén me falou diso —respondeu el.—

— ¿Quén? ¿Alguén que eu coñezo?

Entón entrou Martín na cociña. Deu os bos días e sentou á mesa, convidando ó capitán a face-lo mesmo. Baixaron os marinos e almorzaron todos xuntos. Despois os marinos foron a ve-lo pobo con Martín. Ela saíu a pasear cara á praia e el seguiu-na.

— Agarda Lissa. Temos que falar.

Ela non contestou, mais detivo o seu paso para que el se achegara,. Non falaron ata chegar á praia.

—¿Como o soubeches? —comezou ela, ¿quén estivo antes no faro?— os seus ollos azuis mostraban inquedanza e craváronse nos verdes ollos del buscando unha resposta.

— Contoumo a miña avóa, á cal contoullo a súa nai.

— ¿A túa avóa? ¿coñecina?

— Non o creo, ela nunca veu aquí.

— ¿Entón? —Lissa tiña curiosidade. O mar estaba en calma e o sol quentaba a súa pel.

— Calma, Lissa. E moi longo. A nai da miña avóa chamabase Sara.

— ¿Sara? ¡A muller da carta!

— ¡Ti atopáche-la carta, Lissa! Sara chegou á miña terra e casou, tivo un fogar. Púxolle Marlene de nome á miña avóa no recordo da súa irmá.

— Sí, esa era a Marlene da que falaba a carta. Pero falta unha parte, ¿tela ti?

— Non pode faltar nada. Marlene tiña que tela

agachada moi ben.

— Estaba moi ben agachada, atopeina onte, por unha casualidade. Pero non remataba, faltaba algo. Amosareicha.

Camiñaron de volta ó faro polas finas areas. Tan só un día que se coñecían e parecían haber estado xuntos de sempre. Lissa colocouse o cabelo pois empezara a sopra-lo vento e estáballe a alborota-los seus rizos dourados. Brent mirou cara ela e sonriulle. Gustáballe.

Chegaron ó faro e subiron á habitación dela. Martín inda non chegara. Era cedo. Convidouno a pasar e amosoulle a carta. El leuna despaciño e sentiu algo mentras a ía lendo. O rematar gardouna.

— Esto foi o que Marlene, a miña avóa, me contou. Mais ti tiñas razón, falta algo. Sara rematou a carta noutro lugar e tal vez alguén sacouna do sobre. ¿Estaba aberta?

Non, Brent. Ninguén a abrira máis ca min. Penso que a carta non foi atopada, ó menos non quen a tiña quer atopar.

— Pero Sara deixoulle a Marlene ben á vista ¿E se a voltou a pechar?

— Podería ser, pero segue a faltar algo. Lissa agardou antes de continuar. ¿Non podes falar coa túa avóa?

Non, ela morreu hai un mes. Por eso estou aquí. Antes de morrer encargoume que viñera a saber algo da súa tía; da súa familia e porqué non preguntaron

por Sara nunca.

Chamaron á porta. Lissa baixou apresuradamente a abrir. Era Frederick, un dos marinos. Viña a buscar a Lissa porque o seu pai tivera un accidente. Ela correu, colleu o seu chal e seguiu a Frederick. Estaba nerviosa.

Camiñaron cara ó pobo mentras Frederick íalle explicando como acontecera: O seu pai caera nunha escalera ó esvarar. Cando chegaron ó lugar do accidente, Lissa xa non tiña folgos, mais non tiña tempo para descansar. Subiu onde estaba agora repousando o seu pai, que xa vira o médico. Non era grave, só tiña unha perna rota e necesitaba descansar.

Levárono ó faro, á súa habitación, e Lissa aprendeu a estufa coa axuda de Norman e Alfred. Falou un cachiño con el e logo baixou face-la compra para o xantar. Atopouse con Brent, quen se ofreceu a acompañala. Lissa case non falaba, aínda tiña o medo no corpo, tiña medo de perder ó seu pai. Brent tentou rompe-lo xelo e falou da súa casa entre os verdes cumes cheos de amarelas flores e moi preto do mar.

Lissa imaxinou-se unha paisaxe moi fermosa, tal coma o describira Brent e olvidouse do seu medo. Lembrouse da carta e voltou falar dela. Dixolle que sentía o da súa avóa e ocurriuselle preguntar ó seu pai acerca da xente que vivira antes no faro. Chegaron ó mercado e xa quedaba pouca xente, pois era tarde para mercar.

O peixe era fresco, desa noite, xa que a lúa chea favorecería a pesca. Voltaron pronto e xantaron. O rematar, Lissa deixou ós homes e subiu Xunto Martín.

El estaba descansando, e sentouse cerca nunha cadeira.

— ¿Cómo te atopas, pai? —preguntoulle Lissa.

— Estou ben, no te preocupes por min.

— Teño algo que preguntarche: ¿Quén viviu no faro antes ca nós?

— Axente que viviu aquí non foi feliz —comenzou a relatar Martín— venderon o faro ós meus avós cando o pai da familia morreu.

— ¿Coñecíchelos?

— Eu era moi neno, non me lembro ben. Lémbrome dunha muller que voltou varias veces vernos e sei o que o meu pai me contou: o seu pai era moi duro e unha das fillas marchou da casa. A que quedou, ó vendelo faro, buscou un traballo no pobo e traballou coma costureira. Chamábase...

— ¿Marlene?

— Sí, penso que sí. ¿Cómo o sabes?

— Non ten importancia. —Agora descansa. Bicouno na fronte e saiu da habitación.

Baixou ó comedor onde só agardaba Brent. Os marinos foran ve-lo resto do pobo. Lissa decidiu saír e colleu o seu chal de lá e botouno ós ombros.

— ¿Onde vas? —preguntou Brent—.

— Xa voltarei, non te movas da aquí.

E marchou deixándoo alí. Agardou e agardou,

pero pronto cansou e saíu. Non sabía onde ir e pasou cara ó porto. Pasou diante dunha tenda de agasallos e antigüidades. Pensou que tal vez podería mercar algo interesante como recordo e entrou. Chamoulle a atención o gran número de cousas de había moitos anos, entre elas a que máis lle gustou foi unha pintura do faro sobre o mar. Deulle a volta e veu algo que non esperaba: a sinatura de Sara e adicado a Marlene. Mercouno e voltou rápidamente ó faro.

Inda non chegara Lissa e sentou frente ó lume. Estaba a mira-lo cuadro cuando entrou Lissa. Ela viña dun taller de costura de preguntar pola muller que se chamaba Marlene. Primeiro falou cunha das empregadas e non a coñecían e logo falou coa dona Esther.

Esther era a neta de Marlene e ela non sabía moito da irmá da súa avó. Sabía que o seu bisavó fora un home de forte carácter e que a filla pequena fuxira nun barco. Lissa contoulle o da carta que Brent era o bisneto da Sara. A Esther impresionoulle a historia e dixo que quería coñecer a Brent e invitounos a toma-lo café ó día seguinte.

— Pero non sabía nada da carta —rematou Lissa— Brent amosoulle o cadro Lissa dixo que era un cadro moi bonito e que sería un bo recordo para cando marchará á súa terra.

Anoiteceu pronto aquela tarde e o frío semellaba meterse nos rincóns do faro. Pero aquela era unha

noite clara e víanse as estrelas sobre o mar Lissa achegouse á súa fiestra e observou o ceo. ¡Cantos e cantos millóns de estrelas se podían ver desde o faro! Martín encendeu a luz do faro que iluminou unha pequena parte do gran océano. Xa non faltaba moito para que os visitantes marcharan, comenzou a pensar Lissa, e logo, ¿logo que?. Voltaría á rutina de tódolos días. Podía buscar un emprego, pero non sabía en qué podería traballar. Voltou a achegarse á fiestra. Definitivamente, non quería que marcharan.

O día seguinte despertou cando Robert chamou á súa porta co recado de que Martín necesitaba da súa axuda. Vestiuse con rapidez e lembrou que esa tarde tiña que ir toma-lo café a casa de Esther. Tería que poñerse algo axeitado. Ollou para os seus vestidos e non viu nada que lle gustara para a ocasión e decidiu mercar un novo cos seu aforros. Había tempo que non ía mercar nada bonito, porque tampouco lle facía falla.

Foi axudar a Martín e logo fixo o almorzo para o resto dos homes. Cando rematou, subiu á súa habitación e colleu os seus cartos. Baixou apresuradamente e tropezouse con Brent.

— ¿Onde vas tan apresa? —preguntoulle.— Vou mercar un vestido para poñer esta tarde.

— Acompañareite, se non molesto.

— Non, claro que non. —E sairon os dous cara ás tendas do pobo.

Detivéronse diante dun escaparate dunha tenda

de modas e Lissa viu un vestido azul que a agradou moito. Pasaron ó interior e Lissa probouno.

— Séntate estupendamente, parece feito para ti —comentou Brent cando— Lissa tiña posto o traxe.

Preguntou canto custaba aquel vestido, mais era demasiado caro para os seus aforros. Brent ofreceuse a pagalo.

— Non podo aceptalo, Brent —replicou ela.

— Veña, ti axudáchesme a atopa-lo que eu viña buscar. Ademáis, sería un crime que non o puxeras. ¿de acordo?

— Está ben, pero intentarei devolvercho.

A moza da tenda envolveuno e entregoullo a Lissa. De volta no faro, Lissa rematou algunhas cousas antes de face-lo xantar. Brent preparou o necesario para o encontro con Esther.

Lissa rematou de colocarse o cabelo cunha fita azul da cor do vestido e saíu Brent xa agardaba na porta.

— Estás moi ben —díxolle el.

Ela sonriulle e sairon tomados do brazo. A casa de Esther non estaba lonxe.

O chegar tocaron a campañña da porta e unha sirventa abriu e lovounos ata unha sala onde estaba Esther. A Lissa gustoulle. Estaba decorada cun gusto fabuloso e non faltaba os máis pequenos detalles. Sentaron e falaron mentras traían o café e os pasteis. Brent ía moi elegante con traxe azul escuro. A Esther interesoulle o que Brent contou sobre a súa familia e

ela contoulle a Brent o que ela coñecía e como chegou a te-lo que agora tiña. Cando xa se ían despedir, dixo Esther:

— Lissa, é moi bonito ese vestido que levas é precioso. Necesito unha rapaza coma ti para traballar como modelo dos meus vestidos, ¿que dis?.

— Alágame, Esther, gustaríame pensalo.

— Volta mañá entón e contarasme a túa decisión.

— Ata mañá entón. —Despediuse Lissa.

De volta ó faro, comentou Brent:

— Agora xa coñezo a Esther pero non teño a resposta sobre a carta.

— Xa. Pero ela non sabía nada, o que podería indicar que Marlene non a atopou. Ela é moi agradable —dixo Lissa referíndose a Esther.

— Sí que o é. ¿Pensas acepta-lo traballo?

— Pode. Os seus ollos demostraban que atopara algo que lle interesaba.

Pola noite falou con Martín. Martín opinou que era unha boa idea, que sería moi interesante. Tamén lle gustou moito o vestido que Brent mercara.

— Se acepta-lo traballo, poderás mercar máis coma ese —suxeriu Martín. E convenceuna.

— O día seguinte Lissa foi falar con Esther e aceptou o emprego. Tiña que ir ó taller tres tardes á semana e a paga era boa. Estaba moi leda. Voltou á casa para contarlle ó seu pai, quen recibiu moi ben a nova.

Atopou a Brent na praia e contoullo. El non dixo

nada, escoitou coa mirada perdida nas ondas do mar. Lissa notou algo estrano e preguntoulle.

— ¿Acontece algo, Brent?

— Sí. Chegoume esta carta da miña casa esta mañá. Debo voltar.

— ¿Por qué? Inda non atopáche-la resposta da túa busca.

— E necesario que volte. A miña nai enfermou. Non lle queda moito tempo.

— ¡Meu Deus! ¿Cando marchas? ¿Voltarás? — sorprendéralle o que Brent dixera.

— Maña cedo partiremos. Pero prométoche que voltarei. — Tomou as mans de Lissa entre as súas e por un intre apartou a ollada do mar para meterse nos ollos dela, que perderan a ledicia duns intres atrás.

Voltaron ó faro. Brent comunicou a noticia ós marinos, que prepararon as súas cousas para marchar. A Martín desalentouno, pois empezaba a gustarlle a compañía dos marinos. O xantar foi silencioso e logo de rematar os catro marinos saíron con Martín na silla de rodas a botar unha última ollada. Lissa e Brent quedaron no faro a busca-lo resto da carta.

Estaban a buscar na habitación de Brent e tiñan o cadro do faro sobre a mesa onde Lissa estaba a buscar, cando Brent a chamou e ela virouse brusca-mente, tirando o cadro ó chan.

— Sintoo, Brent. Non quisen facelo. — disculpouse.

— Non importa. Mira, parece unha folla de papel o que asoma detrás do cadro.

Collérono e sentaron a miralo. ¡Por fin o atoparon!. Era o resto da carta de Sara.

“...min, pois é mellor para nós que eu marche. Agardarei noticias túas e mandareiche cartos se che fan falla.

Sempre te quereré, a túa irmá.

Sara”

Eso era o que dicía. O lado había unha cartiña noutro sobre e a letra era diferente. Esta vez quen escribía era Marlene.

“Sara:

Atopei a túa carta. Entregareiche esta antes de que marches pois pai atopou unha parte da túa e está feito unha furia, por iso desexo que marches pronto, inda que te botarei en falta.

Quérete.

Marlene”.

E ademáis un papeliño que Marlene agachara máis tarde. Remata así:

“Non atopei a Sara e non lle puiden dar isto. Se alguén o atopa, que por favor o entregue a Sara, miña irmá”

— Xá está, atopámolo —dixo Lissa. Rematou.

Pola noite despois da cea, Brent convidou a Lissa a dar un paseo pola praia. Parecía que ía chover.

— Lissa, —dixo Brent isto era de Sara. A ela gustaríalle que o tiveras ti. Brent amosoulles un colar

de pérolas.

— E fermosísimo. Moitas gracias Brent — e bicouno na meixela.

— Xa me despedín de Esther. Sentiuno moito. Supoño que mañá xa non nos veremos.

— Supoño —respostou vagamente Lissa.

Por un intre non falaron. Voltaron ó faro e na porta, dixo Brent:

— Lembra o que che prometín, Adeus Lissa.

Ela non falou. Mirouno en fite. Só dixo:

— Agardareite —e subiu as escaleiras.

Ela mirou ó mar. O azul do océano pareceu meterse nos seus ollos e dáballe unha profunda cor, que reflexaba unha vida chea de recordos. Alí, detívose. Non seguiu correndo. Comenzou de novo. As imaxes e os sons voltaron á súa mente. Unha lágrima percorreu a súa meixela, caendo no frío chan do faro, do vello faro. Voltou a vista ó mar e alá, ó lonxe, veu a un barco achegarse; un barco branco, cunha liña verde, da popa á proa, máis escuro ó achegarse á proa.